

A cidade réndelle homenaxe a Rosalía cunha lectura pública no Kiosco Alfonso

REDACCIÓN > A CORUÑA

■ O Kiosco Alfonso acolía onte unha homenaxe a Rosalía no día no que se cumprían 174 anos do seu nacemento. A Asociación de Escritores en Lingua Galega organizaba este acto de forma simultánea en distintas vilas galegas co fin de lembrar a unha figura clave na historia do país, que axudou a revitalizar a lingua no século XIX. Os participantes escolleron os seus textos rosalianos favoritos

para lelos en público, nunha xornada na que se volveron a escoitar os versos de quen denunciou a situación pola que estaba a pasar Galicia, os dereitos da muller e as cousas pequenas.

Pola súa parte, a CIG-Ensino aproveitaba a ocasión para reivindicar que o Día de Rosalía pase a formar parte do calendario escolar, co obxectivo de que os centros programen actividades didácticas que dean difusión a obra e pensa-

mento de Rosalía. Ademais, promoveu xa para este ano a idea de que os colexios participaran na efeméride de forma activa.

O sindicato propondrá a inclusión da data dentro do apartado de conmemoracións na mesa sectorial para que os alumnos afonden no coñecemento da autora máis representativa, "transmitíndolles ás xeracións máis novas o amor e o respecto polo que nos é propio: a nosa lingua e a nosa cultura".



Os participantes compartiron os seus textos rosalianos favoritos

GAGO